

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 16 de novembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de novembro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D. Fernando González Abeijón, representante do PP
D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
D^a. María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes
D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 2a e 6b)
D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos (11048-320) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 26 de outubro de 2023, o 7 de novembro de 2023, concedeuse un prazo de tres días a APLICACIONES DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORMATICA AEVIGO,S.L. (Lotes 1 e 2) para que puidera emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, debía presentar un novo Anexo II do PCAP, asinado polo seu representante onde indicara no punto d) "COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS", si se comprometía a adscribir ao contrato os medios recollidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

O licitador, presenta documentación en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO,S.L. (Lotes 1 e 2) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

4.- Apertura administrativa e das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor ou apertura administrativa e das proposicións avaliábles mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal (9932-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliáble mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitadores	Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G das FEC (%)	Mellora no equipamento de persoal sanitario esixido para os días de máxima afluencia (si/non)	Substitución do Vehículo de Intervención Rápida (si/non)
1	AMBULANCIAS BANDE, S.L.	25,00 %	si	si
2	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.	1,53 %	non	si

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliáble mediante fórmula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica en actividades turísticas e a concelleira delegada de Turismo e Xuventude o 8 de novembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior por erros materiais sen entidade detectados previamente á celebración da sesión da Mesa de Contratación, asinado pola técnica en actividades turísticas e a concelleira delegada de Turismo e Xuventude o 14 de novembro de 2023.

Neste segundo informe indícase que BYSIDECAR, S.L.U. supera os 5MB de tamaño máximo da documentación e non se axusta ás denominacións dos arquivos establecidos, requisitos recollidos no punto 6.A das FEC (Anexo I PCAP) en canto a forma de presentación. Tendo en conta o anterior, faise constar, en primeiro lugar, que, no momento de redacción do PCAP, a *Guía de Servizos de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de ofertas* da Plataforma de Contratación do Sector Público, recomendaba non excederse de 5MB na documentación presentada polos problemas que puidera ocasionar, polo que se incluíu, dende o Servizo de Contratación esta limitación. En segundo lugar, tendo en conta que o número de páxinas da documentación non excede do máximo establecido no mesmo punto das FEC, compróbase o documento e, ademais de advertir que ten 15 sinaturas dixitais (o que supón un incremento proporcional do tamaño do arquivo por cada unha delas) ao comprobar o contido conclúese que, o maior tamaño, non implica un maior contido da oferta técnica.

En vista de todo o anterior, pódese concluír que o incumprimento non ten carácter substancial e que non se vulneran os principios de igualdade de trato e concorrencia na contratación. Neste sentido compre sinalar que este é o criterio seguido pola doutrina antiformalista do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) en varias resolucións, por todas, mencionar a Resolución nº 469/2019 que establece que "Por último, a utilización parcial de un tamaño de letra inferior ao contemplado en los pliegos, que no ha generado una extensión sustancial de la oferta técnica, no puede tener la virtualidad anulatoria de la adjudicación que la recurrente pretende. En este sentido es apropiada la cita por la adjudicataria de nuestras resoluciones 1227/2017 en el recurso 1016/2017, 818/2015 en recurso 891/2015 y 1038/2016 en recurso 1017/2016".

A Mesa acepta o segundo informe por unanimidade. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliabile mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezos máximos das tarifas oficiais de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación	Redución do prezo unitario máximo para o deseño da imaxe e proposta de creatividade das campañas	Redución dos prezos unitarios máximos para a realización e produción de cuñas radiofónicas de 30 segundos que incluírán produción de dereitos, montaxe e locutor	Redución dos prezos unitarios máximos para a elaboración de accións específicas de comunicación e promoción	Redución dos prezos unitarios para a impresión do material gráfico
1	Bysidecar, S.L.U.	79,78% nas tarifas oficiais en print da páxina en National Geographic Historia 5% nas tarifas oficiais de print no Faro de Vigo 71,48% nas tarifas oficiais en print da páxina en National Geographic Viajes No resto de canais do plan de medios presentado non se aplicará ningún desconto	30 %	30 %	10 %	35 %
2	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	60,00 %	50,76 %	46,28 %	50,76 %	67,50 %

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten como público á apertura:

1. D^a. Ana Hernández Méndez, en representación de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.
2. D. Jose Carlos Gimenez Campos, en representación de BYSIDECAR, S.L.U.

A asistente D^a. Ana Hernández Méndez fai constar que, na oferta de BYSIDECAR, S.L.U., existen tres porcentaxes de desconto na proposta da porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos máximos das tarifas oficiais de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación, cando soamente se pedía unha única porcentaxe.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos (11048-320)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- Lote 1

	Licitador	Prezo sen IVE	Tempo de resposta ante incidencias
1	APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L.	38.088,00 €	Menor a 1 hora
2	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.		

-Lote 2

	Licitador	Prezo sen IVE	Redución do prezo hora de asistencia técnica a usuarios/as do auditorio que precisen dun técnico para o uso do equipamento do mesmo en calquera horario sobre o mínimo establecido no apartado 3G destas FEC (parte variable do contrato)		Tempo de resposta ante incidencias
			Prezo 1ª hora (desprazamento engadido)	Prezo de cada hora a partires da 1ª (desprazamento engadido)	
1	APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO,S.L.	7.140,00 €	45,00 €	14,00 €	Menor a 1 hora
2	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.				
3	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	14.313,66 €	58,01 €	29,00 €	2 horas

Os licitadores APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L, e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Polo que respecta a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. presenta documento no que indica que no punto 6.B das FEC do PCAP faise referencia a cláusula 14.2.B) do PCAP que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

indica que o Sobre B *"Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor e aqueles outros documentos que se esixan no apartado 7.A das FEC."* para, a continuación puntualizar que no apartado 7.A das FEC *"Criterios avaliábles mediante xuízo de valor"* indicase que non se fixan este tipo de criterios. Finaliza, indicando que *"Polo que, tendo en conta o exposto anteriormente, entendemos que o orzamento detallado constitúe a oferta económica que detallamos a continuación:"*

Visto o anterior, a Mesa revisa a documentación do procedemento é comproba que, efectivamente, a remisión á cláusula 14.2.B) do PCAP é errónea pois se fai ao punto no que se realiza a descrición do contido do Sobre B que, non fixándose, neste procedemento, criterios avaliábles mediante xuízo de valor, non é de aplicación.

Á referencia correcta sería á cláusula 14.2.C) do PCAP que fai referencia ao contido do Sobre C que é o sobre que debían presentar os licitadores neste procedemento, tal e como establece o apartado 6.B das FEC denominado *"Contido do sobre C"*.

En base ao anterior, a mesa, por unanimidade, acorda outorgar un prazo de 3 días para que EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. presente o orzamento detallado tal e como se estipula na cláusula 14.2.C) do PCAP *"A proposición avaliáble mediante fórmula deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 6.B das FEC. Se así o esixira o apartado 6 da FEC, deberá incluírse un orzamento do servizo. O cálculo deste orzamento estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integren."*

Asiste como público á apertura:

1. D. Alberto Buceta Santana, en representación de APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábles mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefe da Área de Inversións o 13 de novembro de 2023 de valoración do sobre C *"proposición avaliáble mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	90,91
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	90,66
4	ORECO BALGON, S.A.	89,82
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	89,76
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	86,88
7	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	65,53

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:38	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC4E-5HC2DC-B75947-V693QS-UYBVLV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		